



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia
FUNDAMENTOS DE MUSICOLOXIA
6º curso de Grao Profesional
Curso 2020-2021

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Docente: Fernando Buide del Real





Índice

Introdución.....	3
1. Metodoloxía.....	5
2. Atención á diversidade.....	6
3. Temas transversais.....	6
3.1 Educación en valores.....	6
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	7
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
5. Secuenciación do curso.....	7
5.1 Curso 6º de Grao Profesional.....	7
5.1.1 Obxectivos.....	7
5.1.2 Contidos.....	8
5.1.3 Avaliación.....	9
5.1.4 Medidas de recuperación.....	12
5.1.5 Recursos didácticos.....	14
5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva semi-presencial.....	15
5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva non presencial.....	16
5.1.8 Plan de reforzo e recuperación.....	17
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	17
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	18
8. ANEXOS.....	19
8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	19
8.2 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º curso do grao elemental.....	19
8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º do grao profesional.....	19
8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	19
8.5 Sección bilingüe.....	19





Introdución

Contextualización

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela sitúase na cidade dende o ano 2004, cando foi construído. Depende da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e nel impártense as materias de Grao Elemental e Grao Profesional segundo a regulación vixente dentro do marco das ensinanzas de réxime especial de música.

As familias dos alumnos que realizan estudos no centro presentan moita heteroxeneidade sociocultural; maioritariamente proceden da cidade e da contorna máis próxima, e entenden os estudos musicais como complementarios con respecto aos seus outros estudos. Pero tamén hai presenza de alumnos da contorna máis afastada, que se desprazan para vir ao centro, e que moitas veces enfocan seus estudos musicais especificamente a conseguir unha titulación profesional, ás veces enfocada a emprender estudos superiores de música. Tamén se constata a presenza de estudantes da Universidade de Santiago que buscan no Conservatorio finalizar os seus estudos profesionais de música iniciados en outros centros. Todo isto provoca un certo grao de heteroxeneidade no alumnado do Conservatorio. Isto afecta especialmente ao presente Departamento de Fundamentos, pois súas materias impártense na etapa final do Grao Profesional, dende 3º ata 6º, período que coincide co paso dos estudos da ESO aos de Bacharelato e Universidade.

Neste contexto, o Conservatorio pretende responder ás necesidades formativas da cidade e da contorna de xeito aberto e integrador, contribuíndo á formación musical e artística integral do alumnado, axudando a que desenvolva súa capacidade crítica e súa autonomía persoal, que lle poidan prepara para posibles estudos posteriores.

Efectos da situación excepcional sobrevida no curso anterior pola COVID-19

No curso pasado 2019-20 o desenvolvemento da actividade docente viuse afectado polo estado de alarma consecuencia do andazo provocado pola COVID-19. Durante o





3º trimestre suspendéronse as actividades lectivas presenciais, e seguindo as instrucións recibidas, desenvolvéronse actividades telemáticas de repaso, recuperación ou reforzo da parte da materia xa impartida no período presencial. Por esta razón, na materia de Musicoloxía, a parte da docencia correspondente ao 3º trimestre non se puido desenvolver de maneira axeitada, e non foi posible realizar o traballo final, que era a única parte da materia que restaba. Dado que a presente materia non ten continuidade en cursos sucesivos non é posible trasladar o traballo non realizado ao curso actual. Dado o currículo da materia, tampouco corresponde incorporar aprendizaxes non realizadas o curso pasado 2019-20.

A Musicoloxía como materia de estudio

A materia de Musicoloxía está concibida como unha introdución á investigación musicolóxica no que se realiza un exame dos métodos e técnicas de aproximación ó feito musical. Do carácter introdutorio da materia despréndese que o obxectivo último non sexa que o estudante realice a súa propia investigación, senón que aprenda os principios e técnicas que sustentan a investigación musicolóxica na actualidade e que coñeza os principais problemas teóricos e historiográficos da disciplina.

A materia persegue dotar ó estudante cos coñecementos e habilidades necesarios que lle permitan desenvolverse na disciplina, capacitándolle para tarefas variadas: saber busca-las fontes que precise, interpreta-lo soporte da fonte musical, enfrontarse á realización dun traballo de musicoloxía, ler criticamente un texto, recoñece-los métodos historiográficos máis importantes ou ter conciencia dos debates e problemas máis recentes da disciplina. Esta materia consiste en formar a estudantes capaces de ser autónomos, de pensar por si mesmos e formularse cuestións sobre o que investigaron outros, e nun futuro sobre o que quizais investiguen eles mesmos. Por exemplo, ante unha lectura de musicoloxía relacionada con calquera materia, aprenderá a formularse preguntas como: ¿a redacción é clara? ¿é lóxica a orde na que están expostas as ideas? ¿a conclusión ten relevancia? ¿o sistema de citas é





coherente?, ¿o manexo das fontes é apropiado?, ¿presenta os seus argumentos de forma convincente?, etc.

Por tanto, unha parte dos contidos céntranse na aprendizaxe do conxunto de técnicas relacionadas coa investigación (xeral e particular en musicoloxía), dende os primeiros pasos ata a versión definitiva dun traballo. Así, hai temas centrados no tratamento das fontes, dende a súa busca e localización en bibliotecas e arquivos, ata a súa correcta utilización para a investigación; se presta unha especial atención ás fontes musicais e a información que proporcionan a través do soporte. Tamén se tratan aquí cuestións relacionadas coa planificación e elaboración dun traballo, no nivel correspondente para uns estudantes non universitarios. Entre tódalas técnicas, concédese unha certa importancia á corrección no sistema de citas.

Por outra parte, esta materia tamén presenta un percorrido diacrónico sobre os métodos de estudo usados en musicoloxía durante distintas etapas historiográficas. Iníciase cos primeiros intentos dos enciclopedistas ilustrados do século XVIII de escribir unha historia da música, para pasar ó xurdimento da musicoloxía como ciencia a finais do século XIX e a determinante clasificación proposta por G. Adler, e finalizar no complexo século XX que, ademais da consolidación definitiva da disciplina, estableceu un ton de debate que continúa na actualidade.

1. Metodoloxía

Esta materia contempla unha carga lectiva de unha (1) hora semanal, no 6º curso de Grao Profesional. Ao ser unha materia de claro carácter práctico as sesións lectivas comprenden o traballo en grupo do alumnado. Cada alumno/a elaborará un traballo de investigación a través do cal se asimilen os contidos secuenciados da programación. O profesor actuará de motor no desenvolvemento do traballo de investigación, asumindo un papel dinamizador e motivador sendo quen deseñe as estratexias necesarias para o correcto desenvolvemento da planificación de aula.





A posta en común dos materiais empregados na elaboración do traballo implica un intercambio de opinións, o respecto ás opinións dos compañeiros, a corrección e utilización do vocabulario axeitado, a claridade nas exposicións...

2. Atención á diversidade

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo ensinanzas para o alumnado e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención ao alumnado con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe afróntase de un xeito distinto do ensino obrigatorio. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Se facemos una aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta “(LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo71), refírese a este tipo de alumnado, e enuméranse unha serie de principios relacionados có tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por





condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado ao que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

3. Temas transversais

Trátanse especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica), presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas.





3.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.

A musicoloxía, ao ocuparse da investigación sobre o feito musical en tódalas súas posibles facetas, en tódolos escenarios sociais e culturais, pode supor unha estimable ferramenta para educación en valores, tales como a valoración do propio patrimonio, a apreciación da variedade cultural, o respecto polas culturas alleas, a interiorización da igualdade, en definitiva a comprensión da música como un signo de identidade de sociedades, grupos e individuos, merecedor de atención e de respecto.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización de Internet para a recollida de datos co fin de elaborar os traballos do curso.

Tal como se recolle nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento) do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma de calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro da aula.

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Valorarase a posibilidade de que os alumnos do Itinerario de Musicoloxía participen nas actividades culturais e de promoción organizadas polo centro ao longo do curso. Calquera actividade adaptarase ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación condicionada pola covid-19.





5. Secuenciación do curso

5.1 Curso 6º de Grao Profesional

5.1.1 Obxectivos

O itinerario de musicoloxía terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a historia, o corpus teórico e a metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical desde un punto de vista científico.
2. Introducirse na investigación musicolóxica mediante as técnicas de traballo e o emprego das ferramentas propias desta ciencia, para poder plasmar as súas propias investigacións.
3. Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os medios ao seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos, etc.) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións, etc.), noutras materias ou ben na súa experiencia cotiá.
4. Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar as manifestacións musicais do contorno e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, na súa recollida e na súa transmisión.
5. Aprender os principios básicos de toda investigación: orixinalidade, coherencia, claridade e honestidade.
6. Aprender os procedementos para realizar un traballo de investigación: como busca-lo tema, como busca-la información, como localiza-la bibliografía e as fontes, como almacenar e clasifica-la información, como estruturar e redacta-lo traballo, etc., así como para ler criticamente textos e estudos sobre historia e ciencias da música.





7. Coñecer o desenvolvemento da historiografía musical dende a Ilustración do século XVIII ata o posmodernismo do século XX pasando polo nacemento da musicoloxía no século XIX.
8. Coñece-los campos e problemas da investigación musicolóxica internacional a comezos do século XXI.

5.1.2 Contidos

Primeira Avaliación

1. A musicoloxía: conceptos básicos, metodoloxía e campos de estudo.
2. As fontes. Introducción ás fontes de investigación musicolóxica e seu análise: fontes organolóxicas, fonográficas, iconográficas e textuais. As novas tecnoloxías e a investigación.
3. Catalogación. Fichas e notas. Elaboración de bibliografías.
4. Recursos propios da investigación. Formulación de hipóteses e proxectos. Elaboración do traballo: redacción e organización.
5. Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións referidos á materia desta avaliación.

Segunda Avaliación

1. Historia da musicoloxía. Antecedentes históricos: historiografía musical nos séculos XVIII e XIX.
2. Historia da musicoloxía. Nacemento da disciplina a finais do s. XIX: Guido Adler.
3. Historia da musicoloxía. Dende o século XX ata a actualidade: escolas, enfoques e liñas de investigación.
4. Planificación e realización de traballos prácticos e comentarios de textos e audicións referidos á materia desta avaliación.





Terceira Avaliación

1. Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico e artístico.
2. Planificación e realización dun traballo de investigación musicolóxica.

5.1.3 Avaliación

Realizarase unha avaliación continua. A avaliación reflectirá a actitude, os comentarios realizados polos alumnos referentes á materia no desenvolvemento da actividade lectiva, así como a presentación de traballos e súa exposición e/ou a realización de probas. Estes índices quedarán reflectidos no rexistro do alumnado (caderno de aula).

Criterios de avaliación

1. Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, así como dos conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta.
2. Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina.
3. Recoñecer, nas audicións e análises propostas, as características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., situándoas en coordenadas xeográfico-temporais aproximadas, asociando as súas características musicais cos patróns culturais imperantes, e relacionándoas entre si.
4. Identificar o papel desempeñado pola música de forma cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como á súa propia formación e benestar persoal.





5. Recoñecer as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, en épocas, estilos ou autores máis representativos, pasados ou presentes.
6. Reflexionar sobre o desenvolvemento evidente e acelerado dos consumos de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo.
7. Recoñecer o papel desempeñado pola música galega, tanto ao longo da historia da música coma noutros ámbitos, establecendo relacións entre a música como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma sinxela.
8. Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas.

Mínimos esixibles

Primeira avaliación

1. Coñecer os conceptos básicos da musicoloxía.
2. Coñecer e manexar as fontes de investigación musicolóxica.
3. Coñecer as fases da elaboración e a estruturación dun traballo de investigación.

Segunda avaliación

1. Coñecer a sistematización da musicoloxía elaborada por Guido Adler.
2. Coñecer as principais correntes da Historiografía musical europea.

Terceira avaliación

1. Coñecer os diferentes enfoques desde os que é posible abordar as manifestacións musicais.





2. Poder emitir un xuízo valorativo musicolóxico desde un punto de vista científico.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral da avaliación é o da avaliación continua.

Procedementos e ferramentas de avaliación:

1. Realización de traballos sobre algúns dos aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, axustándose ás convencións de presentación propias da materia. Este instrumento valorará a capacidade do alumno para propoñer e realizar traballos individuais ou en grupo, manexando as técnicas necesarias.
2. Realización de probas escritas nas que se avaliará o grao de adquisición dos contidos conceptuais presentados ao longo das diferentes sesións.
3. Observación da actitude do alumno/a na aula, para saber se participa activamente, se formula cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.

Criterios de cualificación

A cualificación reflectirá a actitude, os comentarios realizados polos alumnos referentes á materia no desenvolvemento da actividade lectiva, así como a presentación de traballos e/ou a realización de probas, e a súa exposición perante os seus compañeiros, que desenvolvan os contidos traballados ao longo do curso.

Para a cualificación por avaliación terase en conta as seguintes porcentaxes:

Elaboración e exposición de Traballos e/ou probas: 80% da cualificación.

Puntualidade e actitude: 20% da cualificación.

Ampliación de matrícula

Non procede.





5.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Os aspectos da materia no superados polo alumno poderán recuperarse ao longo do curso mediante probas escritas, con preguntas de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal achega dun musicólogo, un período, etc.) ou ben preguntas amplas a desenvolver, onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario.

Ademais o profesor poderá pedir a elaboración de traballos, relacionados cos contidos da materia.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, ao menos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Na materia presente, a proba poderá incluír:





- preguntas nas que se avaliará o grao de adquisición dos contidos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal achega dun musicólogo, un período, etc.) ou ben preguntas amplas a desenvolver, onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario. Valorarase a concreción das respostas, así como a calidade da redacción con respecto a criterios de concisión, coherencia, e propiedade do vocabulario.

- realización de traballos sobre algúns dos aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, axustándose ás convencións de presentación propias da materia.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

A cualificación da proba será un número enteiro comprendido entre 1 e 10.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

En setembro o alumno terá que demostrar os seus coñecementos da materia mediante unha proba global. Este exame poderá contar con dúas partes. A primeira consistiría nun grupo de preguntas de resposta múltiple ou de resposta breve (definicións de conceptos; enumerar autores; sintetizar a principal achega dun musicólogo, un período, etc.). A segunda consistiría nunha pregunta ampla a desenvolver onde haberá que relacionar contidos de distintos apartados do temario. Ademais o profesor poderá pedir a elaboración de traballos, relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes da realización do exame.

5.1.5 Recursos didácticos

1. Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman uns dos materiais imprescindibles da musicoloxía.





2. Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais – coa excepción, quizais, das compostas nos últimos anos– existiron no seu primeiro momento como manuscritos.
3. Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só internet logrou superar en tempos recentes.
4. Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
5. Fontes sonoras.
6. Acceso a Internet.
7. Explicacións na aula
8. Debates e comentarios críticos na aula.

Bibliografía

RODRÍGUEZ SUSO, CARMEN: *Prontuario de Musicología. Música, sonido, sociedad* (Barcelona: Clivis, 2003).

LÓPEZ CANO, Rubén. 2010. *“Musicología manual de usuario”. Texto didáctico.*

www.lopezcano.net (Consultado [20, Abril 2016])

LÓPEZ CANO, Rubén. 2012. *Cómo hacer una comunicación, ponencia o paper y no morir en el intento. Un manual de autoayuda académica*

www.lopezcano.net (Consultado [20, Abril 2016])

COOK, N.: *De Madonna al canto gregoriano. Una muy breve introducción a la música* (Madrid: Alianza, 2001; tr. de Luis Gago).

ECO, U.: *Cómo se hace una tesis : técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura* (Barcelona: Gedisa, 1999).





HARPER-SCOTT, J.P.E. and SAMSON, J. : *An introduction to music studies*. (Cambridge University Press, 2009).

BOOTH, W. C.; COLOMB, G. G. Y WILLIAMS, J. M.: *Cómo convertirse en un hábil investigador* (Barcelona: Gedisa, 2001).

KERMAN, J.: *Contemplating musicology* (Cambridge, Mass.: Harvard University Press, 1985).

5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva semi-presencial

En función da situación sanitaria e das necesidades de organización académica derivadas da COVID-19 poderanse deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, potenciando as competencias dixitais do alumnado e promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. O centro, de acordo coas directrices da Consellería, poderá determinar, dentro do horario correspondente á materia, a existencia de franxas horarias que permitan que o alumnado poida realizar a formación de forma telemática, sen asistir ao centro educativo. O centro asegurase de que as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a esta opción formativa; neste sentido atenderase aos resultados da avaliación inicial.

Nesta situación as ferramentas telémáticas poderán apoiarse na videoconferencia e no uso da Aula virtual. As actividades educativas deseñadas neste escenario poderán ter un carácter máis práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua. Os procedementos e instrumentos de avaliación poderanse adaptar igualmente a este escenario, se non se realizaran na franxa horaria presencial; dita adaptación pode supoñer a realización de traballos ou exercicios específicos que substitúan ás probas trimestrais presenciais de avaliación.





5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva non presencial

Neste escenario seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias e educativas.

Se as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro o permiten, atendendo aos resultados da avaliación inicial, a actividade lectiva desenvolverase de xeito non presencial, apoiándose na videoconferencia e no uso da Aula virtual.

Se a situación non permite o desenvolvemento previsto dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, se modulará a profundidade de tratamento dos mesmos en funcións das circunstancias. Tendo isto en conta, se fixan os mesmos contidos mínimos que os sinalados para a docencia presencial.

Criterios de avaliación: os número 1,2,4, 5 e 8.

Os procedementos e ferramentas de avaliación serán en esencia os previstos: realización da proba trimestral de avaliación, realización de exercicios ou tarefas, e actitude. A proba trimestral adaptarase ás circunstancias da docencia telemática, e poderá revestir a forma de traballos, exercicios ou tarefas que o alumno remitirá telematicamente ao docente, preferentemente mediante a Aula virtual.

Os criterios de cualificación serán os mesmos previstos para a docencia presencial.

5.1.8 Plan de reforzo e recuperación

Tal como se indica nas Instrucións do 31 de xullo de 2020, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.

A materia de Musicoloxía de 6º de Grao Profesional non presenta precedente específico no currículo, polo que non hai aprendizaxes imprescindibles que sexa necesario recuperar referidos a Musicoloxía. Bastará polo tanto considerar os coñecementos previos básicos necesarios para o traballo da musicoloxía, que non necesariamente se atopan no curso previo de 5º de Grao Profesional. Polo tanto, o Plan de reforzo e recuperación artéllase do seguinte xeito:





1. Reforzo: repasaranse os conceptos previos necesarios a inicio de curso, e durante o desenvolvemento da materia, en cuestións referidas a linguaxe musical, harmonía, análise ou historia. Calquera dúbida será aclarada polo docente, de xeito que se garanta a posesión por parte do alumno das ferramentas necesarias para desenvolver o traballo da materia de Historia da música.

2. Recuperación: os coñecementos previos se incorporan de xeito natural aos exercicios e traballos propios da materia de Musicoloxía, polo cal o proceso de recuperación é paralelo ao desenvolvemento da materia. Calquera déficit neste sentido poderá ser recuperado con exercicios específicos, se é o caso.

6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Consistirán nunha avaliación continua por parte do profesor da especialidade da programación didáctica, rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición levarase a cabo un seguimento da programación co mesmo fin.

7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo; trataranse conxuntamente co seguimento da programación.





8. ANEXOS

.....

8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non proceden.

8.2 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º curso do grao elemental

Non proceden.

8.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º do grao profesional

Non proceden.

8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Non se contemplan nesta materia.

8.5 Sección bilingüe

Non se contempla neste curso.

